



Parlamento das Letras: Chelo Suárez Muíños

Publicado o [06/03/2013](#)

Souben de Chelo Suárez Muíños haberá agora dez anos, cando botaba a andar a súa andaina pública como autora. Falárame dela un familiar que era tamén parente da súa primeira editora. Dende entón sigo con atención a súa traxectoria que, en apenas unha década, tense afirmado coa publicación tanto de textos narrativos coma poéticos, igual de aventuras infantoxuvenís que de obras declaradamente eróticas, mesmo dos máis sutís haikus.

Porque se algo caracteriza a escrita de Suárez Muíños é precisamente a súa ousadía natural, que con todo pode. Tanto ten que o que haxa que literaturizar sexa o drama da Guerra Civil en feminino como as angueiras psicalípticas dunhas monxas coruñesas, igual unha delicada e evocadora historia romántica que o heroico e emotivo pasado das devanceiras. En todo imprime o seu selo esta coruñesa, chegada en madurez á escrita de noso con toda a forza dun atlántico de palabras.

Como nunha literaria trindade, aquí deixo o que Amara Orzania, Puliana Marful e a propia Chelo Suárez Muíños quixeron contarme. Entre as tres andan aínda a porfiar, pois nunca se sabe cal delas habita o corpo cando de destilar verba se trata.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O meu primeiro texto publiqueino da man da editorial Primerapersona, que coñecía algo da miña escrita e querían editarme en castelán. Leron *Flor de xiz*, gustoulles, e publicárono nas vésperas das Letras Galegas do 2003. E con esa primeira novela, dedicada ás mulleres da miña familia, a saga das Aldaras, emprendín a miña andaina literaria. *Flor de xiz*, polo contido e por ser o primeiro en asumir a pel da imprenta, é para min un libro moi querido, moi real, moi máxico, que comeza e remata con dous poemas inspirados nelas, as Aldaras, mulleres precursoras ás que lles abrocharon nos beizos como sementes as palabras. Para quedar en min.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Penso que, en xeral, as miñas novelas, malia gustar a quen as le, non teñen unha boa proxección. As librarías en Galicia, salvo excepcións, encárganse, e non o entendo, de destinar a literatura galega a espazos recuados e pequenos. O márketing está visto que é fundamental para chegar a un maior número de lectores. *A venus de cristal*, finalista do Xerais, da que todos esperaban moito e tivo unha crítica excelente, apenas brillou coma unha estrela fugaz no panorama literario. *Os milagres de Cristamar*, quizais unha das miñas mellores novelas, correu a mesma

sorte, por non falar do meu poemario *Corpo de mar*, publicado en Espiral Maior, que nin sequera foi presentado pola editorial e debe andar por aí, languidecendo nos andeis dalgunha librería. *As horas rotas*, premio Lueiro Rey, chegou a moi poucos lectores. *A neve e o lume*, a miña última novela, editada por Baía, pode que corra a mesma sorte. No panorama literario galego, de non ter un nome coñecido, hai moi poucas oportunidades de chegar aos lectores.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

As mazás sempre foron as miñas aliadas e fonte de inspiración. De cativa gustábame ler nun cuarto cheo de sol, rodeada de mazás moi coloradas. Agora, cando escribo, gústame ter unha na mesa do ordenador: míroa, úloa e acaríciola de cando en vez. Se o texto me satisfai celébroo pegándolle unha dentada á froita... Nada hai máis suxestivo nin tentador que morder unha mazá...

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Sentírame moi orgullosa de figurar entre: Agustín Fernández Paz, Marica Campo, An Alfaya, Teresa Moure, Gonzalo Navaza, Xavier Docampo e Manolo Rivas.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Os que pertencen a ese mundo propio, rico, miserable, bondadoso e cruel que sempre me habitou, cheo de imaxes, sons, cores estrañas e situacións irracionais. Aos distintos aires de sentir, ver e pensar. Toda a miña escrita débolla a eles.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Gústame ler poesía e narrativa actual na que destacan grandes valores. Os meus autores preferidos, os clásicos, aos que sempre regreso polo pracer de lelos e o moito que aprendín e aprendo deles. Na miña mesa de noite, en amigable compañía: Tolstoi, Chekhov, Flaubert, Shakespeare, Dickens, Stendhal, Maupassant, Pardo Bazán, Torrente, Cunqueiro... Os bos libros axudan a medrar. Ilimitadamente.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

É moi difícil pronunciarse neste apartado. As nosas letras foron asentadas solidamente, dignificadas por poetas e escritores ao longo do tempo. Síntome moi orgullosa do noso pasado literario, formado por escritoras e escritores magníficos. Mulleres e homes que abriron o camiño a cantos vimos detrás. Sobrarlle ás letras definitivamente? Quen está á altura de poder dicir: “isto é o que sobra”. Paréceme excesivamente pretencioso cando, en literatura, todo é admisible, nada se pode negar e, ata o máis fútil, pode ter o seu punto de orixinalidade.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Non me perdoo ou perdoaría que o meu tempo se esgotase ou esgote, como sen dúbida sucederá, sen ser capaz de deixar escrita unha desas obras ás que sempre se volve.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Comparo o noso presente literario cun ceo estrelado. Nel destacan autores fixos dun brillo inusitado, outros de menor intensidade, intermitentes, opacos... Algúns pasan cegantes, efémeros como lóstregos ante nós. Penso que temos un presente literario bastante desigual, pero nada aburrido.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Agradezo aos meus xenes o saber pensar e o manexo da palabra. Que maior privilexio pode haber que o de estar diante dunha páxina en branco e lograr expresar con claridade canto se quere dicir? Iso faime sentir coma Deus, pois se el foi quen de crear un mundo terso, e nos principios tan aburrido coma un encefalograma plano, non hai que esquecer que, cantos viñemos detrás, fomos capaces de poñer nel todo o demais.